

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

RESOLUCIÓN do 2 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se resolve o concurso específico de méritos para a provisión, polo sistema de concurso específico, dun posto de traballo vacante na Fiscalía Provincial da Coruña.

Visto o que dispoñen as bases da Resolución do 8 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso específico, dun posto de traballo vacante na Fiscalía Provincial da Coruña, así como os artigos 49 e seguintes do Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, aprobado polo Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro; e unha vez que a comisión de valoración elevou proposta definitiva de valoración de méritos, así como proposta definitiva de adxudicación do posto ofertado no concurso, e que se acreditou a observancia do procedemento debido e valoráronse os méritos das persoas candidatas, en uso das competencias que me atribúe a normativa vixente

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a proposta definitiva de valoración de méritos efectuada pola comisión de valoración do concurso específico.

Segundo. Resolver o concurso específico e adxudicar o posto de coordinador/a da Oficina de Fiscal I da Fiscalía Provincial da Coruña a:

– Natalia Prieto Buján.

Terceiro. Publicar a presente resolución no *Boletín Oficial del Estado* e máis no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto na base sétima da convocatoria.

Cuarto. O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se non implica cambio de localidade, ou de oito días se implica cambio de localidade dentro da Comunidade Autónoma.

O prazo de toma de posesión comezará a contar a partir do día seguinte ao do ceseamento, que se deberá efectuar dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da

CVE-DOG: idfjup5-4o10-hb46-my36-x5ch6vkoavr6



presente resolución no *Boletín Oficial del Estado* e mais no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que a dita publicación non se faga asemade en ambos, terase en conta a data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben poderá ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, todo isto de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2024

José Tronchoni Albert
Director xeral de Xustiza

CVE-DOG: idfjup5-4o10-hb46-my36-x5ch6vkoavr6

